



MEMORIA DE ACTIVIDADES 2023



Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia

PRESENTACIÓN

O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia presenta a memoria 2023, onde se reflicte o arduo traballo e o compromiso da Xunta de Goberno e da entidade coa promoción e defensa da profesión do Traballo social, así como o benestar das e dos Traballadoras/es sociais e da sociedade no seuu conxunto.

No 2023, o Colexio de Traballo Social renovou o seu compromiso coa colexiación, recoñecendo a súa importancia como ferramenta fundamental para o fortalecemento e a unidade da nosa profesión. Ademais, continuamos a nosa loita incansable na defensa dos dereitos e a dignidade das e os traballadores sociais, promovendo condicións laborais xustas e o recoñecemento do noso labor en todos os ámbitos.

Durante o pasado ano, traballamos en diversos eixos transversais que reflicten a nosa visión integral do traballo social, como o **coidado cara ás profesionais**, desenvolvendo unha ampla gama de cursos e actividades orientadas ao coidado e benestar das Traballadoras sociais, recoñecendo a importancia da súa saúde física e mental para o exercicio profesional de calidade; **Traballo Social Educativo**, promovendo a formación continua e colaborando estreitamente con institucións educativas para garantir a calidade da formación en traballo social; **Permacultura e Traballo Ecosocial**, integrando a perspectiva ambiental na nosa práctica profesional e promovendo un desenvolvemento sostible e equitativo; etc.

Non podemos obviar os desafíos que afrontamos como profesión e como sociedade. No 2023, expresamos a nosa preocupación pola crecente saturación dos servizos sociais e a privatización dos recursos en detrimento da calidade e accesibilidade dos servizos públicos, reafirmando o noso compromiso coa defensa dun sistema de protección social inclusivo e de calidade para todas as persoas.

SUMARIO

- 1 **ESTRUTURA COTSG:**
Xunta de Goberno, Consello Xeral, persoal COTSG, comisión deontolóxica
- 2 **GRUPOS DE TRABALLO, MESAS DE TRABALLO E COMISIÓNS**
 - Comisión de Infancia e familia
 - Mesa de Traballo SAF
 - Grupos de Traballo
 - Saúde Mental
 - Sanitario
 - Educación
 - Exercicio Libre
 - Feminismos
 - SAF
 - Servizos Sociais Comunitarios
 - Inclusión
- 3 **EIXES TRANVERSAIS:** Traballo Social en emerxencias e catástrofes, Traballo Social Educativo, Traballo Social e Saúde Mental, Traballo Social e Feminismo
- 4 **EIXES ESTRATÉXICOS DE ACCIÓN**
 - Defensa da profesión
 - Promoción da boa praxe profesional
 - Representación institucional e participación política da profesión
 - Autocoidado para os traballadores e traballadoras sociais
 - Comunicación
 - Transferencia de coñecemento
- 5 **COLEXIACIÓN**
- 6 **SUBVENCÍONS PARA ARRANXO LOCAL**
- 7 **ACTIVIDADE MATIASS E SIUSS**
- 8 **ACTOS SOCIAIS**
 - Celebración dos XXV anos da Revista Galega de Traballo Social Fervenzas
 - Gala do día mundial do Traballo Social e 40 aniversario

Estrutura:

O COTSG ten unha estrutura organizativa que permite que poida levar adiante a actividade con coordinación e eficacia. A estrutura da institución colexial parte de un ámbito superior ao Colexio, xa que o **Consejo General de Trabajo Social** é o órgano de coordinación e representación colectivo de todos os colexios de todo o estado.

A Xunta de Goberno é o órgano que dirixe todo o funcionamento do Colexio Oficial de Traballo social de Galicia, en adiante COTSG, e nas súas decisións fundaméntanse todas as accións que vertebran a profesión en Galicia. O persoal do COTSG é o músculo que fai posible a translación á practica das liñas de traballo. As asesorías externas asumen desde o exterior do colexio os traballos específicos non asumidos por oportunidade ou necesidade de especialización polo persoal. Por último a comisión deontolóxica é un órgano regulamentario que asume a garantía dunha praxe profesional articulada dentro das normas da profesión. Estes cinco elementos constitúen a estrutura que soporta a actividade colexial.

Consejo General del Trabajo Social

O Consejo General del Trabajo Social con sede en Madrid, e presidido por Emiliana de Vicente mantivo unha rica actividade ao longo do ano 2023, destinada a darlle pulo aos proxectos considerados estratéxicos para a profesión a nivel estatal. Este ano a difusión do contido do Modelo de sistema público de servizos sociais que propón o Traballo Social é o impulso para lograr unha lei estatal de servizos sociais, que finalmente o adiamento das eleccións frustrou, foron as dúas liñas de traballo preferentes.

A Xunta de Goberno do Consejo General de Trabajo Social está composta pola Presidenta, Lucia Gonzalez, Juan M. Rivera, Raquel Millán, Marta Alguacil, Alvaro Gallo, Francisco Jimenez, Laura Monroy, M^a Dolores Soler, e Marta Simón, e sobre todo **Ana M^a Vilar, vicepresidenta do COTSG que exerce de vogal en Madrid, e exerce como ponte entre a profesión en Galicia e a organización estatal.**

- **25.03.2023 Asemblea** do Consejo General de Trabajo Social. Nesta primeira asemblea do ano aprobouse a memoria de actividades e a memoria económica correspondentes ao ano 2022.
- **09.05.23** Emiliana de Vicente, presidenta do Consejo General, mantivo unha **reunión de traballo coa Xunta de Goberno do COTSG** para coordinar traballo e estratexias.
- **23 e 24 de xuño II Edición da Escola de Verán** do Consejo General del Trabajo Social en Navarra. A esta actividade acudiron unha representación da Xunta de Goberno e colexiados e colexiadas interesadas en participar nesta acción formativa.
- **20 e 21 de outubro en Burgos. XII Jornadas de servicios sociales en contextos urbanos y rurales**, organizadas en colaboración co COTS de Burgos. A este encontro formativo asistiu un grupo de persoas colexiadas en Galicia promovido pola concesión de bolsas dende o Colexio.
- **16 de decembro Asemblea** do Consejo General de Trabajo Social en Madrid. Aprobación do proxecto de actividades e orzamento económico. En nome do COTSG asistiu o tesoureiro Antonio Doval.




Na imaxe, Antonio Doval, tesoureiro do COTSG, xunto á presidenta do Consejo General del Trabajo Social, Emiliana Vicente.

Xunta de Goberno

O 2023 é o segundo ano do mandato da Xunta de Goberno do COTSG, e como tal caracterízase por asentarse ás claves para a execución do seu programa de goberno. Así ao longo do ano fóronse dando pasos para potenciar os servizos públicos, a introdución na praxe colexial da visión do novo modelo e da redefinición do obxecto do Traballo Social.

A actividade das e dos compoñentes da Xunta de Goberno foi intensa e ampla, tanto a nivel executivo como negociador e de representación. No mes de Agosto a Vogal Adriana Vieites Freire non puido seguir formando parte da Xunta de Goberno, e incorporouse Isabel Fernández Lema, primeira suplente da candidatura saída do proceso electoral do ano 2021.

No mes de decembro presenta a súa renuncia Pablo Antelo Garcia, vogal na Xunta de Goberno. Quedando pendente para o ano 2024 a incorporación da persoa suplente na lista electoral.



Técnicas do COTSG

O persoal é o elemento que fai o traballo planificado e aprobado pola Xunta de Goberno. É un elemento fundamental para posibilitar a eficacia da acción da institución. O cadro de persoal do COTSG ao longo do ano estivo formado por :

- **Coordinación:** Nerea Fernández Gómez, e dende maio foi substituída por David Gontán Varela
- **Formación:** Fe Sampaio Fernández, substituída dende marzo por Lorena Lamas López
- **Grupos de traballo:** Tamara Fernández Arias ata febreiro, Aurea Rivada Balboa en marzo, e dende maio María Olivares Lemos
- **MATTIASS e SIUSS:** Ana Fungueiriño Carneiro e Manuel Penido Barbazán
- **Representación:** dende xuño, reincorporouse Ignacio Igrexas Vilar
- **Administración:** Aquilino Santiago Rey e Susana Neo Gómez.

Asesorías externas

Asesoría de Comunicación: Dende o 15 de marzo a empresa CECUBO Group realiza os servizos de gabinete de prensa, xestión das redes sociais e asesoramento presencial nas reunións de traballo e coordinación. Antes desta data este traballo levábo o persoal do Colexio, pero optouse por buscar unha maior especialización nesta área.

Asesoría xurídica: A empresa ARTIGO 14, S. Coop. Galega realizou durante o ano 2023 o servizo de asesoramento xurídico do COTSG. Este servizo comprende a asesoría xurídica corporativa da entidade, así como o asesoramento á colexiación en asuntos relativos ao regulamento xurídico e procedementos administrativos, así como a diversos temas relacionados co seu posto de traballo.



Asesoría informática: A empresa MMBUXAN prestou os servizos de asesoría informática ao COTSG durante todo o ano 2023, este contrato mantemento e actualización de hardware, asesoramento en novas tecnoloxías, implementación de sistemas de almacenamento e arquivo de datos en nube segura e mantemento periódico online.

Asesoría Contable, Fiscal e Laboral: Nuria Palmeiro Sande, prestou o seu servizos ao COTSG como asesora en tres niveis; contable, fiscal e laboral durante todo o ano 2023. O contido deste contrato comprende realizar todos os procedementos internos e externos nestas tres áreas, así como prestar asesoramento en aspectos de xestión relacionados con elas.

Asesoría de Protección de Datos: O contido deste contrato é a supervisión do cumprimento normativo no tratamento e protección de datos, asesorar e informar das obrigas nesta materia e en xeral promover métodos de traballo compatibles coas obrigas legais pertinentes.

O servizo de protección de datos durante o ano 2023 foi prestado por dúas empresas. Dende o día 1 de xaneiro ate o 7 de agosto fíxoo MEGAMAIL. Despois dun proceso de contratación no que revisaron os contidos da prestación produciuse un cambio na empresa encargada. PROTEXDAT asumiu dende o 7 de agosto do ano 2023 o servizo do servizo delegado de protección de datos do COTSG.

Comisión deontolóxica

A Comisión Deontolóxica e de Ética Profesional é un órgano consultivo, que asesora en materia de ética e deontoloxía profesional, así como en relación ás necesidades, demandas e cuestións que susciten ou se soliciten e teñan que ver ca organización colexial e o exercicio da profesión.



Contido informativo de obriga recollida

Datos de obrigada recollida na memoria anual segundo o artigo 10 dos Estatutos do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia:

- Non houbo procedementos sancionadores por parte do COTSG durante o ano 2023.
- No ano 2023 producíronse catro queixas presentadas por persoas usuarias:
 - recibida 4 de maio e contestada e arquivada o 7 de xullo
 - recibida 11 de maio e contestada e arquivada o 7 de xullo
 - recibida o 5 de xullo e arquivada e contestada o 7 de xullo
 - recibida 19 de xullo e arquivada e contestada o 28 de xullo
 -
- Os e as compoñentes da Xunta de Goberno non se atoparon en situacións de conflito de intereses
- Non existe actividade de visado.

2 Grupos de traballo, mesas de traballo e comisións

Comisión de Infancia e Familias

A comisión ten como obxectivo asesorar ao COTSG en canto ás políticas públicas de protección á familia e á infancia e analizar as eivas do Sistema de Protección de menores para facer propostas de melloras.

As liñas de traballo e accións que realizou a Comisión ao longo do ano foron as seguintes:

- Valoración e revisión do ditame de infancia elaborado polo COTS Catalunya.
- Traballar sobre propostas de formación.
- Reivindicacións e propostas para o blog e difusión de redes en días sinalados como o 15 de maio Día Internacional das familias ou o Día mundial contra o traballo infantil (12 de xuño).
- Promover o incremento do persoal das equipas técnicas de menores, adecuación dos requirimentos específicos dos postos de traballo á dereitos laborais e económicos.

A comisión reuniuse un total de 3 veces de forma online a través da plataforma Zoom. Participan un total de 7 integrantes no grupo.




Na imaxe, unha das reunións telemáticas da Comisión de Infancia e Familias durante 2023.

Mesa de traballo SAF

Esta mesa de traballo creouse en marzo de 2021 a raíz da necesidade xurdida e proposta de xeito paralelo polos grupos de SAF e SS.SS Comunitarios. O obxectivo principal era a elaboración dun modelo de ordenanza, de regulamento e de procedementos de contratación que poida ser presentando como idóneo para homoxeneizar a documentación neste servizo a nivel autonómico.

Debido a cambios das persoas integrantes na mesa, as que quedaban eran a maioría integrantes do grupo de traballo de SAF, polo tanto o 11 de decembro de 2023 a mesa desfíxose trasladando a documentación realizada e o obxectivo de realizar o modelo de ordenanza ao grupo de traballo de SAF.



Na imaxe, unha das reunións telemáticas da Mesa SAF durante 2023.

Grupos de traballo

Os Grupos de Traballo compren unha función de gran importancia na entidade. Son unha ferramenta activa e flexible para potenciar o compromiso do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia (COTSG) co estudiantado e profesionais do Traballo Social. Pretenden promover o estudo das necesidades dos diferentes colectivos nos distintos ámbitos de traballo, introducir novas propostas para oa resolución de conflitos, favorecer o desenvolvemento e a ampliación de coñecementos en áreas de Traballo Social e Servizos Sociais, así como ofrecer o espazo para a mellora das relacións grupais entre profesionais e o traballo en equipo.

Dentro das súas actividades xerais destacan o asesoramento en materia formativa no campo traballado, aportacións para a administración e estratexias que afectan ao Traballo Social, tales como a elaboración de plans, análise e reflexións sobre a figura do Traballo Social nos seus ámbitos especializados de actuación, aportacións a artigos, participación en entrevistas, xornadas e congresos, colaboración con outras entidades de redes de traballo.

Na reunión da xunta de goberno celebrada o 15 de setembro aprobouse un novo regulamento dos grupos de traballo.

A inclusión no grupo está aberta durante todo o ano, aínda así, dende o 22 de setembro ata o 6 de outubro, fíxose unha convocatoria extraordinaria para fomentar a participación nos grupos. A convocatoria incorporaba a creación do grupo de Migracións e Inclusión, e nela un total de 21 persoas que solicitaron a integración nos grupos:

- 1 Saúde Mental
- 3 Servizos Sociais Comunitarios
- 6 SAF
- 3 Migracións (Non se conformou o grupo xa que o requisito mínimo para a creación é de 5 participantes)
- 6 Inclusión
- 1 Feminismos
- 1 Educación

SAÚDE MENTAL

O grupo de saúde mental tivo un total de 6 reunións en formato mixto, con presencialidade na Sede do COTSG e con acceso en liña. Actualmente hai un total de 12 participantes. Ao longo deste ano o grupo de traballo desenvolveu as seguintes actuacións:

- Escrito informando da situación que pola que atravesamos a FUNGA, dirixida á consellería de Sanidade e á Valedora do Pobo.
- Colaboración no informe sobre o déficit de atención á saúde mental e propostas de mellora que o COTSG realizou coas aportacións das xefaturas de Traballo Social do SERGAS.

- Participación nun proxecto conxunto ca Fundación Salma, Ceesg (Colexio de Educadores e Educadoras Sociais), COTOGA (Colexio de Terapia Ocupacional), FOANPAS (Federación Olívica de Asociacións de Nais e Pais) e POIG (Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia) o cal ten por obxecto a elaboración dun mapeo de recursos de Galicia, reforzar as unidades de saúde mental de infanto-xuvenil e presentar un proxecto no cal se incorporen equipos multidisciplinares nas escolas e o reforzo dos EOE (Equipos de Orientación Específicos).
- Elaborar un mapa de centros sanitarios e recursos en materia de saúde mental.
- Difusión en redes sociais:



- Actualmente o grupo está traballando nunha guía e mapeo de recursos en saúde mental nas 7 áreas sanitarias e a situación dos CRPL
- *Acto saúde mental: O Traballo Social no ámbito da saúde mental*
 - O grupo de saúde mental organizou para o día mundial da saúde mental unha xornada titulada Mesa – Debate “O Traballo Social no ámbito da saúde mental” A xornada tiña por obxecto visibilizar a coordinación multidisciplinar e a importancia do Traballo Social en saúde mental. O acto contou cas ponencias de Aroa Álvarez, enfermeira e Karina Muñoz, psiquiatra, ambas traballadoras do Hospital Álvaro Cunqueiro e Rosabel Rodríguez, traballadora social na Asociación Avelaíña Saúde Mental e participante do grupo de traballo. O acto tivo lugar na Sede do COTSG o día 9 de outubro, ademais de facilitar o acceso enliña a través da plataforma Zoom.

- o A xornada desenvolveuse cunha breve exposición da cada unha das poñentes sobre a súa experiencia e o traballo do día a día nos equipos de saúde mental, finalizando cunha rolda de dúbidas e preguntas na cal púxose en valor a figura do Traballo Social na saúde mental e a importancia da coordinación e o traballo conxunto dos equipos multidisciplinares.



Na imaxe, as ponentes da xornada xunto a Antonio Doval, da Xunta de Goberno do COTSG.

FEMINISMOS



O grupo de Traballo Social e Feminismos “As Sementeiras” ten o desexo de potenciar o activismo social feminista dentro do Traballo Social co obxectivo de sensibilizar, protexer e impulsar os dereitos do colectivo feminino dentro de calquera eido da sociedade dun xeito máis lúdico e aberto para toda a comunidade do Traballo social, fomentando ante todo un estilo de vida que exige empoderamento e compromiso de aquelas e aqueles que o practican e o difunden na sociedade. Ao longo do ano o grupo tivo un total de 3 reunións en liña e hai un total de 8 integrantes. As actividades desenvoltas polo grupo de traballo este ano foron as seguintes:

- Concurso de Fotografía co obxectivo de mostrar a realidade feminista nas diferentes manifestacións levadas a cabo o 8 de marzo



ÁMBITO SANITARIO

O grupo de Traballo Social no ámbito sanitario creouse de novo o 24 de outubro deste ano. O grupo tivo un total de 2 reunións e conta cun total de 9 integrantes. A finalidade e liña estratéxica de traballo do grupo é:

- Mellorar o Traballo Social sanitario
- Aportar boas prácticas ao Traballo Social sanitario
- Visibilizar eivas e problemáticas laborais
- Mapeo de recursos e de prazas sen cubrir no SERGAS
- Elaborar mapa de centros sanitarios e recursos.
- Unificar criterios nas diferentes áreas sanitarias a través dun modelo de ordenanza
- Crear un espazo de debate e propostas para difusión en redes para a mellora da profesión.

INCLUSIÓN

O grupo de inclusión volveuse a crear con novas persoas integrantes. Creouse o 17 de outubro de 2023 conta con 8 integrantes e tivo un total de 2 reunións en formato mixto, con presencialidade na Sede do COTSG e con acceso enliña. As liñas estratéxicas e de traballo son:

- Análise da situación actual no ámbito de inclusión nas diferentes zonas de Galicia.
- Propostas en formación, redes e difusión.
- Analizar a situación de protección internacional, IMW e o acceso a vivenda.



Na imaxe, unha das reunións telemáticas do grupo de inclusión durante 2023.

EDUCACIÓN

O grupo de educación traballou ao longo do ano en diferentes campañas de difusión en redes sobre o Traballo Social Educativo:

- Campaña polo día internacional da educación (24 de xaneiro) e Día Escolar da Non violencia e da Paz (30 de xaneiro)





- Publicación dun artigo sobre o acoso escolar polo día mundial contra o acoso escolar o 2 de maio
- Reclamación da inclusión do Traballo Social na figura de coordinación de benestar e convivencia. Ademais presentouse un escrito para a Xunta de Galicia
- Colaborar na organización da I xornada de Traballo Social Educativo

Actualmente o grupo segue traballando sobre un artigo para publicación de Revista Fervenzas e reivindicacións sobre o Traballo Social Educativo. Tivo un total de 3 reunións en formato online e conta cun total de 6 integrantes.




SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS

Ten o obxectivo de garantir unha intervención social de calidade nos SS.SS Comunitarios e reivindicar as eivas atopadas no propio sistema. O grupo tivo un total de 3 reunións en formato mixto con presencialidade na Sede do COTSG e ao longo do ano e conta con un total de 20 participantes.

As achegas e accións levadas a cabo son :

- Manifesto sobre a situación actual no eido profesional e da repercusión dos bonos coidados anunciados pola Xunta de Galicia
- Actualmente o grupo está traballando sobre:
 - Un modelo de ordenanza en emerxencia social
 - Reivindicacións e visibilización sobre as eivas profesionais




Na imaxe, unha das reunións telemáticas do grupo de Servizos Sociais Comunitarios durante 2023.

SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

O grupo ten como obxectivo traballar sobre as eivas máis comúns na xestión e coordinación dos Servizos de Axuda no Fogar tanto públicos como privados, traballar na creación de modelos, protocolos e ferramentas de traballo que contribúan a mellora e xestión do servizo, realizar propostas ou modificacións, valorar a situación laboral das/os técnicas/os da xestión do SAF.

O traballo que realizou ao longo do ano foi:

- Actualmente o grupo atópase traballando nun modelo de ordenanza e visibilizando a realidade da profesión.
- O grupo tivo un total de 3 reunións en formato enliña ao longo de 2023 e conta cun total de 21 participantes.



Na imaxe, unha das reunións telemáticas do grupo de SAF durante 2023.

EXERCICIO LIBRE

O obxectivo do grupo consiste en dar visibilidade ao novos niños de mercado, compartir experiencias laborais no exercicio libre do Traballo Social e dar a coñecer a situación actual.

Neste ano o traballo realizado a través do grupo foi:

- Un díptico sobre a peritaxe social



Actualmente esta a traballar sobre a visibilización do exercicio libre. O grupo conta cun total de 7 integrantes e tivo un total de 3 reunións en formato online.

3 EIXES TRANSVERSAIS

Traballo Social en grandes emerxencias e catástrofes

Unha das funcións mais importantes da estrutura colexial é que o Traballo Social estea presente nos campos de actividade nos que a abordaxe social sexa necesaria. No caso do traballo en grandes emerxencia e catástrofes a nosa profesión sempre estivo presente, xa que as persoas necesitan apoio social en situacións deste tipo. As traballadoras sociais do Concello de Santiago de Compostela tiveron un papel primordial na atención ás persoas afectadas polo accidente do tren Alvia, por iniciativa propia e con unha increíble capacidade de autoorganización.

Ao longo dos anos esta necesidade faise evidente en todo o estado, e por iso que a normativa estatal e autonómica contemplan o apoio social como unha prestación básica na xestión destes acontecementos. Partindo desta situación sinalar tamén que as inercias organizativas dificultan a translación á práctica operativa dos presupostos racionais e legais. A estratexia para vencer resistencias ten dúas fronteas, por unha parte conseguir que os responsables vexan a necesidade e se actualicen os protocolos de actuación e por outro organizar un sistema que asegure a dispoñibilidade dun grupo organizado de profesionais do Traballo Social, formado e adestrado, para intervenir nestas situacións. En varios colexios de Traballo Social españois hai grupos de traballo en grandes emerxencia que van conseguindo que se lles considere dentro da planificación das catástrofes.

O COTSG ao longo deste anos foi dando pasos para **establecer un grupo de traballo que servira de xermolo do futuro grupo de Traballo Social de intervención en catástrofes**. Ao longo deste ano fixéronse varias reunións internas de traballo, e o tesoureiro Antonio Doval asistiu ao seminario internacional da UNED en outubro *Desafíos en la intervención psicosocial en emerxencias y grandes catástrofes en el siglo XXI*.

No mes de decembro tivo lugar unha reunión co Director Xeral de Emerxencias e Interior da Xunta de Galicia, no que abordou a necesidade de trasladar a organización operativa da atención ás emerxencias a atención social, tal e como contemplan a normativa autonómica. Concretouse a necesidade de contar con TS formados na xestión de catástrofes.



Na imaxe, Antonio Doval, da Xunta de Goberno do COTSG, no seminario organizado pola UNED en outubro.



Na imaxe, representantes do COTSG na reunión coa dirección xeral de Emerxencias da Xunta.

Traballo Social educativo

O Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia entende de vital importancia que os distintos pilares do estado de benestar social asuman a intervención social dende os seus sistemas de atención. O modelo do sistema público de servizos sociais que defende o Traballo Social parte da premisa da necesidade de recuperar o obxecto de atención dos servizos sociais, e isto só é posible se deixa de ser o caixón de xastre dos outros piares do estado do benestar. Hai unha necesidade real e obxectiva de que a atención e intervención social se contemple dende dentro do sistema educativo. Recuperar o Traballo Social Educativo é unha necesidade para toda a comunidade educativa, e sobre todo, posibilitaría a coordinación desta co resto dos sectores de políticas sociais.

O colexio neste ano 2023 tivo contactos coa consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades encamiñados a conseguir solucionar os problemas para a cobertura das prazas de Traballo Social nas Equipas de Orientación Específicas e avanzar cara a cobertura das necesidades de atención e intervención social no medio educativo.

Co obxectivo de dar a coñecer o Traballo Social Educativo estableceuse contacto coa **Confederación de Anpas Galegas, e a partir desta toma de contacto inicial ofertóuselle unha colaboración co seu plan de formación** que leva implícita a necesidade de atención social dentro do medio escolar.



Na imaxe, representantes do COTSG na reunión coa dirección xeral de Educación.

Traballo Social en saúde mental

Durante este ano 2023 o Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia mantivo unha colaboración activa coa Fundación Salma. Dentro desta colaboración realizouse un documento de análise e propostas de actuación para a abordaxe social das necesidades das persoas que teñen problemas de saúde mental. Trátase dun documento elaborado coa colaboración sobre todo das persoas que participan no grupo de traballo de saúde mental e as coordinadoras dos servizos de Traballo Social no SERGAS.

Este documento foi presentado no Parlamento de Galicia ás persoas responsables da planificación da asistencia en Saúde mental no SERGAS, e foi remitido con posterioridade a todos os grupos políticos con representación en Galicia pois o seu contido ten moito interese para mellorar a atención na saúde mental.

Traballo Social e feminismoS

Para conmemorar do 25 de novembro, Día Mundial contra a violencia de xénero, organizouse o 24 de novembro na sede do COTSG unha mesa de debate “Violencias machistas, unha ollada a diferentes contextos dende a interseccionalidade”.

A xornada, ademais da asistencia presencial na sede do COTSG, tivo acceso enliña a través da plataforma zoom. Contou ca presenza de dúas traballadoras sociais, Luanna Extremera e Sandra Lorenzo, unha educadora social Andrea Oyague e unha politóloga, Solangeles Ortiz.

Durante a xornada e o posterior debate tratáronse temas como a situación de violencia en Abya Yala e a organización de mulleres colectivas feministas en organizacións LBTIN en Bolivia, o contexto do Traballo Social en Galicia, as violencias en contextos de prostitución e arte como método de transformación social.

24
NOV 2023

ONLINE A TRAVÉS DE ZOOM
SEDE DO COTSG - RÚA DUBLIN, 6, SANTIAGO DE COMPOSTELA

ETIQUETANOS CO #VMCOTSG2023

MESA-DEBATE
AS VIOLENCIAS MACHISTAS, UNHA OLLADA A DIFERENTES CONTEXTOS DENDE A INTERSECCIONALIDADE

Solangeles Ortiz
Activista Feminista do Abya Yala, con estudos en Ciencias Políticas e experiencia traballando con organización de mulleres, colectivas feministas e organizacións LBTIN en Bolivia

Luanna Extremera
Traballadora Social e Técnica en Cooperación ao Desenvolvemento con África Subsahariana. Avoga porque se recoñeza a condición de persoa refuxiada por motivos climáticos. Cre na comunidade como rede sustentadora de coidados e fonte de transformación.

Sandra Lorenzo
Graduada en Traballo Social. Activista feminista e ecoloxista. "Paixón pola terra e as persoas que habitan nela. A incomodidade me impulsa a loitar por mudar este sistema"

Andrea Oyague
Educadora Social e Técnica en Promoción de Igualdade de Xénero. Considera a perspectiva interseccional e a ruptura de xerarquías e instrumentalizacións a clave para o cambio social.



Nas imaxes, cartel da iniciativa e ponentes na charla do 25 de novembro.

4 Eixes de acción

4.1 DEFENSA DA PROFESIÓN

Ao longo do ano 2023, realizáronse as seguintes xestións en defensa da profesión :

- 4 de xaneiro, recurso de reposición diante do concello de Carballedo pola exclusión da titulación de Traballo Social das habilitante para acceder a praza de educación familiar.
- 4 de xaneiro, recurso de reposición diante do concello de Carnota pola exclusión da titulación de Traballo Social das habilitante para acceder a praza de educación familiar.
- 12 de xaneiro, recurso de reposición diante do concello da Estrada pola exclusión da titulación de Traballo Social das habilitante para acceder a praza de educación familiar.
- 12 de xaneiro, recurso de reposición diante do concello de Oia pola exclusión da titulación de Traballo Social das habilitante para acceder a praza de educación familiar.
- 13 de xaneiro, recurso de reposición diante do concello de Betanzos pola exclusión da titulación de Traballo Social das habilitante para acceder a praza de educación familiar.
- 16 de xaneiro recurso de reposición diante do concello de Ourense pola falta de publicación no BOP.
- 25 de xaneiro, recurso de reposición diante do concello de Valdoviño pola exclusión da titulación de Traballo Social das habilitante para acceder a praza de educación familiar.
- 25 de xaneiro recurso de reposición diante do concello de Sada reclamando que o temario sexa acorde coas funcións a desempeñar nunha praza, e para que a formación impartida polo COTSG se valore no acceso á mesma.
- 26 de xaneiro demanda ao concello de Vilagarcia de Arousa impugnando o contido da RPT .
- 16 de febreiro recurso de reposición diante do concello de Monforte de Lemos pola puntuación de méritos no procedemento selectivo dunha convocatoria.

- 16 de febreiro, recurso de reposición diante do concello de Dodro pola exclusión da titulación de Traballo Social das habilitante para acceder a praza de educación familiar.
- 16 de febreiro, recurso de reposición diante do concello de Pobra do Caramiñal pola exclusión da titulación de Traballo Social das habilitante para acceder a praza de educación familiar.
- 21 de febreiro recurso de reposición diante do concello de Mos reclamando que o temario sexa acorde coas funcións a desempeñar nunha praza.
- 10 de marzo recurso de reposición diante do concello de A Laracha polas funcións atribuídas a unha praza de Traballo Social.
- 29 de marzo, recurso de reposición diante do concello de Nigrán pola exclusión da titulación de Traballo Social das habilitante para acceder a praza de axente de emprego.
- 29 de marzo, recurso de reposición diante do concello de Vilasantar polas bases dun procedemento selectivo dunha praza a través dun concurso de méritos.
- 30 de marzo, recurso de reposición diante do concello da Garda pola exclusión da titulación de Traballo Social das habilitante para acceder a praza de técnico local de emprego.
- 30 de marzo alegacións diante do concello de Chantada polo contido da RPT.
- 14 de abril recurso de reposición diante do concello de Sada polas funcións atribuídas aos profesionais do Traballo Social e a Educación Social .
- 14 de abril, recurso de reposición diante do concelle de Mos pola non valoración da formación impartida polos colexios profesionais na valoración do concurso para o acceso a unha praza.
- 19 de abril, recurso de reposición diante do concello de Dodro pola non valoración da formación impartida polos colexios profesionais na valoración do concurso para o acceso a unha praza de técnica de conductas aditivas.
- 23 de maio recurso de reposición diante do concello de Rodeiro polo acordo adoptado polo pleno para cubrir a praza de traballadora social durante unha IT sen proceso selectivo.
- 6 de xuño recurso diante do concello de Abadín pola exclusión da titulación de Traballo Social das habilitante para acceder a praza de técnico/a local de emprego.
- 14 de xuño, recurso de reposición diante do concello de Poio pola exclusión da titulación de Traballo Social das habilitante para acceder a praza de educación familiar.
- 9 de agosto, recurso de reposición diante do concello de Xunqueira de Ambía polo contido das bases para o proceso selectivo dunha praza de educación familiar.

- 9 de agosto, recurso de reposición diante do concello de San Sadurniño polo contido das puntuación dos méritos do concurso dun proceso selectivo.
- 10 de agosto, recurso de reposición diante do concello de Rodeiro pola valoración da formación específica no concurso de méritos dunha praza.
- 1 de setembro, recurso de reposición diante do concello de Monterroso pola non valoración da formación impartida polos colexios profesionais na valoración do concurso para o acceso a unha praza.
- 1 de setembro, alegacións presentadas diante do concello de San Sadurniño polo contido da RPT
- 1 de setembro, recurso de reposición diante do concello de A Laracha pola exclusión da titulación de Traballo Social das habilitante para acceder a praza de orientación laboral.
- 1 de setembro, recurso de reposición diante do concello de Ourense pola ausencia de publicación dunha fase do procedemento no BOP.
- 1 de setembro, recurso de reposición diante do concello de Rodeiro pola ausencia de publicación dunha fase do procedemento no BOP.
- 15 de setembro, recurso de reposición diante do concello de A Baña pola non valoración da formación impartida polos colexios profesionais no concurso de méritos dunha praza.
- 6 de outubro recurso de reposición diante do concello de A Porqueira pola titulación requirida para o acceso a unha praza.
- 26 de outubro, recurso de reposición diante do concello de O Corgo pola valoración da experiencia profesional en entidades privadas no proceso selectivo dunha praza.
- 26 de outubro, recurso de reposición diante do concello de Salceda de Caselas pola non valoración da formación impartida polos colexios profesionais para o acceso a unha praza.
- 26 de outubro, recurso de reposición diante do concello de Touro polo contido do concurso de méritos para o acceso a unha praza.
- 28 de outubro, recurso de reposición diante do concello de Ferrol pola exclusión dos funcionarios e funcionarias de nivel A2 para o acceso ao posto de traballo da xefatura do servizo de benestar social.
- 26 de outubro, recurso de reposición diante do concello de A Bola pola valoración do concurso de méritos para o acceso a unha praza.
- 23 de novembro, recurso de reposición diante do concello de San Sadurniño pola denominación e funcións de unha praza.
- Escrito enviado ao instituto de vivenda e solo debido as derivacións incorrectas a servizos sociais en relación a tramitación do bono alugueiro.
- Escrito á valedora do pobo pola falta de transparencia e de colaboración entre administracións do Concello de Ribadumia.

- Escrito ao Concello de Gondomar para a modificación do posto de asistente social por traballador/a social na RPT .
- Solicitud a Valedora do Pobo que inste á Xunta de Galicia a resolver as oposicións de 2019 na categoría de Traballo Social.
- Escrito dirixido a Dirección Xeral de Función Pública solicitando información sobre a actualización de méritos.
- Escrito ao IGVS pola derivación aos servizos sociais comunitarios das xestións polo bono de alugueiro.
- Protesta diante da Xunta de Galicia pola decisión de externalizar e privatizar os informes sociais que non pode asumir o IMELGA para os xulgados e tribunais.
- Comunicado público esixindo que o alcalde de Ourense rectifique as declaracións públicas sobre os e as profesionais do Traballo Social nese concello.

4.2 PROMOCIÓN DA BOA PRAXE PROFESIONAL


- 24 de maio, documento elaborado para remitir aos principais partidos políticos de propostas que concorreron ás eleccións municipais de 2023, coas propostas para a mellora dos servizos sociais comunitarios.
- 5 xullo, informe remitido á Xunta de Galicia para argumentar o acceso dos profesionais do Traballo Social aos postos de coordinación de benestar nas escolas.

4.3 REPRESENTACIÓN INSTITUCIONAL E PARTICIPACIÓN POLÍTICA DA PROFESIÓN

- 27 de xaneiro, en Santiago. Encontro para o impulso das infraestruturas no Atlántico noroeste.
- 10 de febreiro en Santiago. Reunión coa deputada polo BNG Olalla Rodil, para a presentación do Modelo do sistema público de servizos sociais dende o Traballo Social.
- 15 de febreiro, reunión do BNG coas profesións do ámbito sanitario para propoñer mellorar no sistema de saúde.
- 15 de febreiro de 2023, reunión con representantes do PSdG-PSOE para presentar o do Modelo do sistema público de servizos sociais dende o Traballo Social e o anteproxecto de lei estatal de servizos sociais.
- 22 de marzo participación na feira de emprego in organizada no campus de Ourense.
- 22 de marzo, a vicepresidenta do COTSG Ana Vilar participa nas xornadas da UDC de Ferrol sobre SS. SS. e atención ao sinfogarismo.

- 23 de marzo reunión coa Dirección Xeral de Inclusión Social, Arturo Parrado e Sonia Piñeiro.
- 17 de abril xornada de educación vial desenvolvemento e autonomía persoal e convivencia na facultade de Educación e Traballo Social da Universidade de Vigo.
- 12 de maio participación na feira de Traballo Social e Saúde en Coruña.
- 20 de xuño, a Presidenta Miriam Rodríguez asiste as graduacións do alumnado das facultades de Traballo Social da USC E Uvigo.
- 07 de xullo Carta aos principais partidos políticos que se presentan ao Congreso e o Senado nas provincias galegas, para insistir na importancia dos servizos sociais e os elementos necesarios para garantir a súa calidade.
- 20 de xullo asistencia á xornada “La importancia de los programa xurídico sociales en el proceso terapéutico de las personas privadas de libertad” organizada pola UNAS
- 25 de xullo entrega das medallas de ouro de Galicia, á que asisten a Presidenta Miriam Rodríguez e a vogal Rosario Capelo.
- 5 de setembro, a Presidenta Miriam Rodríguez asiste ao asiste a inauguración do XXIV Congreso internacional de Antropoloxía celebrado en A Coruña.
- 21 de setembro, as vogais Laura Zapata e Rosario Capelo asisten a gala do XXV aniversario da Fundación de Alzheimer de Galicia.
- 21 de setembro reunión coa Secretaria Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia.
- 4 de outubro, reunión coa Federación de ANPAS Galegas para establecer colaboración.
- 30 de outubro asistencia a reunión de axentes sociais convocada polo BNG no Parlamento de Galicia.
- 31 de outubro, asistencia ao foro de debate de EAPN Galicia sobre Ingreso Mínimo Vital.
- 8 de novembro, xornada de traballo para a presentación do proxecto AMIZAR promovido por PROVIVENDA e Aldeas Infantiles SOS Galicia. Vigo 8 de novembro.
- 10 de novembro, asistencia a xornada de agresión sexuais múltiples organizada pola USC.
